



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2016/X999/000036

Ref.:SEC

NOTIFICACIÓN

De conformidade co artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, tentada a notificación do acto que se indica non se puido practicar, por causas non imputables á Administración, polo que se publica o presente anuncio no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica do concello das Pontes de García Rodríguez, para que sirva de notificación á persoa interesada, que a continuación se relaciona, sen prexuízo da súa publicación no Taboleiro Edictal Único do Boletín Oficial do Estado.

Identificación do interesado:

Jacinto Rodríguez Díaz, DNI núm. ***3320**.

Acto administrativo: Acordo do Pleno do Concello das Pontes de García Rodríguez, adoptado en sesión extraordinaria urxente do día 05/05/2021, polo que se resolven as alegacións que se presentaron durante o período de información pública da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público do concello das Pontes.

A parte resolutiva do acordo é a seguinte:

“Sometido o asunto a votación, o Pleno do concello das Pontes de García Rodríguez, á vista dos antecedentes citados e do disposto no artigo 83.3 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda con 10 votos favorables (9 do PSdG-PSOE e 1 do Grupo Mixto, PP) e 1 abstención do BNG, o seguinte:

- Primeira alegación: Jacinto Rodríguez Díaz, 23/06/2016 (RE núm. 3962), solicita que se inclúa un artigo na ordenanza no que prohiba instalar terrazas que ocupen total ou parcialmente o carril bici. De acordo con o que informa o arquitecto con data do 30/04/2021, esta limitación enténdese implícita no artigo 7 da ordenanza, que establece que “*A autoridade municipal competente poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos: - Que supoña prexuízo para a seguridade viaria*”. Á vista de tal previsión na ordenanza desestímase esta alegación”.

Contra este acto de trámite non procede interpor ningún recurso, de acordo con o previsto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As Pontes de García Rodríguez, 20 de maio de 2021

A secretaria

Mariña Núñez Orjales